

Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2015. NÚM. 6/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCÍONS:



D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)


CONCELLEIROS EN FUNCÍONS:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL GONZÁLEZ OTERO (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Non asiste a Interventora Xeral: D^a. MARTA OVIEDO CREO.





Lalínmcero

Secretaría Xeral





Concello de Lalín

ÍNDICE:

Punto Único.- Aprobación, se procede, das actas N° 4/2015 e N° 5/2015 das sesións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, celebradas o día 27 de abril de 2015.....páx. 2

=====



Sendo as doce horas do **mércores día 10 de xuño de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. *Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, e os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Non asiste a Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.



De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 4/2015 E Nº 5/2015 DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA, RESPECTIVAMENTE, CELEBRADAS O DÍA 27 DE ABRIL DE 2015.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 4/2015 e Nº 5/2015 correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, celebradas o día 27 de abril de 2015, preguntado aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Brevemente *D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez* tomou a palabra para felicitar ao Sr. Secretario porque recolleu na primeira das actas o que dixo en varias ocasións *D. Xosé Crespo Iglesias*, no punto de que: “*o tempo pon a cada un no seu sitio*”. Coidaba que tras as eleccións locais do día 24 de maio de 2015, o resultado respondía a esas verbas do máximo mandatario.

Contestou *D. Xosé Crespo Iglesias*, que afirmou que o pobo votou e dun modo democrático elixiu aos seus representantes en Lalín. Agora non ía gobernar el, nin o seu partido político debido a un pacto dos demais grupos, e porque a lei que rexía esta materia o permitía. Para el foi un disgusto non seguir tras vinte e cinco anos contando co apio dos veciños, pero aceptaba como non podía ser doutro xeito o resultado. Si, o pobo puxo a cada un no seu sitio. Estarán na oposición nos catro anos do mandato. Pediu perdón a aqueles que durante os seus mandatos como Alcalde puideron sentir ofendidos. Para el era unha honra estar agora ao mando da oposición, e despediuse volvendo pedir desculpas a aqueles que puideran sentirse molestos ou ofendidos polos seus actos na súa etapa como Alcalde de Lalín.



Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobáronse as ditas actas N° 4/2015 e N° 5/2015 correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, celebradas o día 27 de abril de 2015, ordenándose a súa inscrición no Libro de Actas do Concello Pleno.

E, sendo as doce horas e corenta minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde en funcións.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

José Crespo Iglesias

César López Arribas

